



DICIONARIOS AUDIOVISUAIS
DE IDA E VOLTA

GUIA DIDÁCTICA

6 propostas metodolóxicas para traballar a interculturalidade a través da lingua e o audiovisual, orientadas ao alumnado galego de secundaria

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA

AVISO LEGAL


Esta guía didáctica forma parte do proxecto Dicionarios audiovisuais de ida e volta, desenvolvido por Agareso ao abeiro do Fondo de proxectos Xacobeo 2021 de bens e/ou servizos de carácter cultural e turístico en lingua galega no marco de actuación do Plan de reactivación nos sectores cultural e turístico fronte aos efectos da crise sanitaria provocada pola COVID-19, da Xunta de Galicia.

Esta publicación foi producida baixo unha licenza [Creative Commons CC BY SA](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)

Podes:

- Compartir: copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato.
- Adaptar: remesturar, transformar e elaborar para a publicación doutro material.

Sempre e cando sigas os termos da licenza, non se revogarán estas liberdades.



INTRODUCCIÓN



Nun momento como o que estamos a vivir, onde un discurso de Odio cara á inmigración está introducándose dun xeito cada vez mais alarmante nos medios de comunicación e nas redes sociais, é preciso elaborar accións contradiscurso que poidan reducir o impacto destes contidos que transmiten prexuízos e dificultan a convivencia.

Segundo o informe *As palabras contan* de SOS Racismo “A ideoloxía extremista manipula os discursos, distorsiona acontecementos, descontextualiza, difunde noticias falsas e intoxica a política, os medios, as redes... ata conseguir que o discurso de odio sexa visto e aceptado como normal e verdadeiro, é dicir, sexa normalizado socialmente. Un obxectivo prioritario da ideoloxía extremista é implicar a mocidade”.

A presente guía didáctica nace como resposta a esta realidade e ten como obxectivo dotar docentes, educadores/as etc. de propostas de traballo para informar e concienciar o alumnado de secundaria galego sobre os aspectos positivos da interculturalidade. Farémolo a través da visualización de persoas migrantes que actualmente residen en Galicia, poñendo en valor a súa achega cultural, social e económica e as evidentes posibilidades de intercambio e de coñecemento mutuo que nos ofrecen as linguas.

Esta guía está realizada pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso), ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021, e conta coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística.

METODOLOXÍA

O proxecto Dicionarios audiovisuais de ida e volta presenta seis curtametraxes onde persoas de diferentes países (Venezuela, México, Honduras, A Guinea Ecuatorial, Senegal e Romanía) que residen en Galicia e aprenderon o noso idioma, explicarán (en galego) un concepto ou expresión lingüística da súa cultura, e de igual xeito, escollerán unha palabra ou expresión do galego que lles pareza importante para coñecer mellor a nosa idiosincrasia. Tamén nos falarán dos seus países e do seu proceso migratorio.

Os vídeos son pímulas de entre tres e catro minutos de duración, que ademais de teren como obxectivo a difusión, están pensadas para un uso pedagóxico en centros educativos galegos.

Con cada protagonista coñeceremos aspectos distintos que nos axudarán a apoiar un discurso que fomente o respecto á diversidade e á diferenza, a integración, a solidariedade, o coñecemento das relacións Norte-Sur, a memoria histórica e a redución de estigmas asociados á migración.

Para realizar as sesións e aplicar as dinámicas propostas é conveniente ter en conta unha serie de factores que poden axudarnos a aproveitálas ao máximo.



DURACIÓN: 50 min



NÚMERO DE INTEGRANTES: Estas dinámicas están pensadas para ter lugar nas aulas. Polo tanto, o número de integrantes responderá a este criterio.



IDADES: Este proxecto está enfocado para traballar co alumnado de secundaria.



NECESIDADES: un proxector e altosfalantes para o visionado dos vídeos na aula. Para algunha das actividades precísanse materiais que veñen sinalados na descrición desta.



AS NOSAS PROTAGONISTAS



Marisol Bábaro
VENEZUELA-OURENSE




Mame Lemou Faty Sambou
O SENEGAL-SANTIAGO DE
COMPOSTELA



Brenda Hércules
HONDURAS-DONCOS (LUGO)



Cristina Florentina Iacob
ROMANÍA-LUGO



Marcelo Ndong
A GUINEA ECUATORIAL-OURENSE



Aranxa Vicens
MÉXICO-SANTIAGO DE
COMPOSTELA



MARISOL VENEZUELA-OURENSE

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS



SINOPSE: Marisol é filla de galegos que emigraron a Venezuela. Hai algúns anos decidiu utilizar o seu pasaporte español para volver á terra dos seus pais: Ourense.

OBXECTIVOS:

Promover unha mirada alternativa sobre Venezuela e deconstruír estereotipos e prexuízos sobre o país.

Afondar na memoria histórica a través do coñecemento dos procesos migratorios en Galicia.

Fomentar un discurso positivo e empático cara á inmigración.

FICHA TECNICA:

Protagonista: Marisol Bábaro.
Realización e edición: Antonio Grunfeld.
Cámara: Francisco Rodríguez.
Guión: Rocío Cadahía.
Animación: Jaime Murciago.
Música: *A fresh start/ Purple Plante Music.*

Un proxecto producido por Agareso coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e financiado pola Xunta de Galicia.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

1 PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Iniciamos a sesión presentando o proxecto DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA e explicando o que imos facer.



2 DINÁMICA: QUEN É?

Debuxamos no encerado unha silueta.


Só dicimos que a persoa protagonista da nosa primeira peza audiovisual naceu en Venezuela e vive en Ourense. Intentamos non dar pistas do xénero desa persoa utilizando unha linguaxe neutra e debuxando unha silueta o máis neutra posible. Facemos varias preguntas e imos apuntando as achegas do alumnado.



- 1. Como imaxinades esa persoa? Como se chama? A que se dedica?*
- 2. Cales son as súas motivacións para vir vivir a Galicia?*
- 3. Como chegou ata aquí? Cal podería ser a súa historia?*
- 4. Que sabedes de Venezuela?*

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

3 VISIONADO DA PEZA AUDIOVISUAL



4 PREGUNTAS PARA O DEBATE DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Coincidiu a vosa visión dun/ha inmigrante venezolano/a con Marisol?
- Que prexuízos e estereotipos temos sobre as persoas venezolanas?
- Hai na túa familia alguén que tivo que migrar?
- Que pensan esas persoas sobre a migración?
- Por que pensas que Marisol culpa a TV da discriminación que sofren as persoas inmigrantes en España?
- Marisol di que non cre nas fronteiras; ti que pensas?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

5 AS PALABRAS DE MARISOL

Morriña

Par coñecer mellor o proceso da emigración en Galicia, veremos un fragmento do documental: [Avión el pueblo ausente](#) (12 min)

Tras ver o documental:

Por que pensas que Marisol escolleu a palabra Morriña?

Que similitudes e diferenzas atopamos entre os galegos e as galegas que emigraron hai unhas décadas e o que viven as persoas inmigrantes en España hoxe en día?



Pa'lante

Que nos ensina da cultura venezolana a expresión *Pa' lante*?

Coñezamos mellor Venezuela! Mira este [vídeo](#) e apunta os datos que máis te sorprendan nun papeliño.



CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

6 A TÚA PALABRA

Imaxina que es unha inmigrante galega en Venezuela. Cal sería a palabra ou expresión que escollerías para explicar a cultura galega se che preguntasen? Escríbea nun papel ou intenta debuxala.



Se na clase hai mozos ou mozas migrantes (ou fillos de persoas migrantes) podemos pedirles que repitan o proceso: que escollan unha palabra/expresión da súa outra cultura e lle expliquen o porqué desta elección ao resto. O alumnado buscará en internet información e datos sobre ese país e escribirá o que atope nun papeleiro. Intentaremos fuxir da información máis estereotipada e centrarnos en datos positivos sobre o seu país de orixe. O alumno/a migrante pode confirmar ou achegar máis información sobre o seu país.

7 CONCLUSIÓNS

Colocamos todos os debuxos/palabras/expresións galegas e os datos sobre Venezuela e/ou do outro país nun mural na clase co título de O NOSO DICCIONARIO DE IDA E VOLTA: GALICIA-VENEZUELA. Podemos ir ampliando ese mural cos datos que vaiamos coñecendo do resto dos países a medida que avanzamos nas actividades desta guía didáctica.



MAME O SENEGAL- SANTIAGO DE COMPOSTELA

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS



SINOPSE: Mame chegou a Santiago desde O Senegal con apenas 12 anos. Agora xa é unha moza e relátanos como foi a súa experiencia.

OBXECTIVOS:

Promover unha mirada alternativa sobre O Senegal e deconstruír estereotipos e prexuizos sobre o país.

Tomar consciencia dos privilexios invisibles.

Tomar consciencia de como a linguaxe pode xerar discriminación.

Fomentar un discurso positivo e empático cara á inmigración.

FICHA TECNICA:

Protagonista: Mame Lemou Faty Sambou.

Realización e edición: Antonio Grunfeld.

Guión: Rocío Cadahía.

Animación: Jaime Murciego.

Música: *Successful motivation*/ Purple Plante Music.

Un proxecto producido por Agareso coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e financiado pola Xunta de Galicia.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

1 PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Iniciamos a sesión presentando o proxecto DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA e explicando o que imos facer.



2 DINÁMICA: QUEN É?

Debuxamos no encerado unha silueta.


Só dicimos que a persoa protagonista da nosa primeira peza audiovisual naceu no Senegal e vive en Santiago de Compostela. Intentamos non dar pistas do xénero desa persoa utilizando unha linguaxe neutra e debuxando unha silueta o máis neutra posible. Facemos varias preguntas e imos apuntando as achegas do alumnado.



- 1. Como imaxinades esa persoa? Como se chama? A que se dedica?*
- 2. Cales son as súas motivacións para vir vivir a Galicia?*
- 3. Como chegou ata aquí? Cal podería ser a súa historia?*
- 4. Que sabedes do Senegal?*

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

3 VISIONADO DA PEZA AUDIOVISUAL



4 PREGUNTAS PARA O DEBATE DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Coincidiu a vosa visión dunha/dun inmigrante senegalés/a con Mame?
- Que prexuízos e estereotipos temos sobre as persoas senegalesas?
- Por que pensas que a xente lle pregunta se no Senegal hai camas ou edificios?
- Algunha vez che fixeron estas preguntas a ti?
- Pensas que se Mame fose dos EE UU lle farían a mesma pregunta?
- Como construímos a imaxe que temos dos países africanos?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

5 ES UN/UNHA PRIVILEXIADO/A?

Pensas que es unha persoa privilexiada? Comezamos o exercicio facéndolle ao alumnado esta pregunta. Imos anotando os seus razonamentos. A continuación enumeramos unha serie de situacións e preguntámoslle...

...Pasouche isto algunha vez?

- *Podes ir de compras e entrar e saír das tendas sen sentir que te vixían ou te seguen porque resultas sospeitoso/a para os vendedores/as.*
- *Cando te sentas no autobús sentes que as persoas non teñen problema en sentarse ao teu lado.*
- *Podes acender a televisión ou mirar a primeira portada dun xornal ou revista sabendo que vas atopar imaxes de persoas que se parecen a ti.*
- *Non tes a necesidade de pensar no racismo.*
- *Podes estar vestido en público respectando a túa identidade, os teus costumes, a túa cultura ou a túa relixión sen que a xente te mire de xeito despectivo.*
- *Non pensas que cando te vexan por primeira vez vas ter problemas para alugar un piso ou conseguir un traballo ou coñecer os pais da túa moza ou do teu mozo.*

Agora de novo, facémoslles a mesma pregunta... Pensas que es unha persoa privilexiada? Posiblemente algunhas opinións mudaron.

Moitas veces non somos quen de poñernos na pel de persoas que pertencen a colectivos discriminados. As persoas negras, as persoas xitanas ou as persoas musulmás son os colectivos que máis racismo e xenofobia sofren no noso país. Cargan todos os días cunha etiqueta que en moitas ocasións lles dificulta a vida. Os demais, os e as que pertencemos ao colectivo maioritario, non nos decatamos dos privilexios invisibles que posuímos.

Pechamos a actividade vendo este vídeo



CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

6 AS PALABRAS IMPORTAN

Despois da Segunda Guerra Mundial, algúns países europeos solicitaron man de obra. Entre vinte e trinta millóns de persoas estranxeiras desprazáronse ante a chamada. A estes homes e mulleres chamóuselles **traballadores invitados**. En 1973-1974, a crise do petróleo marca o inicio do peche de fronteiras e das políticas de retorno, pero miles de persoas deciden quedar no país ao que se trasladaran temporalmente para traballar. **Imos analizar as connotacións dos termos relacionados coa inmigración para vermos os efectos de discriminación que pode provocar a linguaxe.**

- 1 Organízanse grupos de cinco ou seis participantes.
- 2 Repártese unha listaxe de palabras, cartolinas e rotuladores.
- 3 Déixase tempo para que o grupo decida os significados que vai recoller.

Instrucións para o grupo

- Tedes que traballar con estas palabras.
- Na primeira columna colocades a palabra, na segunda o seu significado e na terceira a valoración segundo pensades que é positiva ou negativa.
- Un/a portavoz do grupo explicaralle ao resto da clase o proceso e as conclusións comparando o significado dos diferentes termos.

TERMO	DEFINICIÓN	VALORACIÓN
Immigrante		
Turista		

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

As palabras que imos usar



Traballador/a invitado/a.
Inmigrante. Colono/a.
Colonizador/a
Estranxeiro/a. Turista. Visitante.
Indocumentado/a. Ilegal.
Irregular. Indiano/a.
Conquistador/a. Viaxeiro/a.
Expatriado/a. Sen papeis

Preguntas para a reflexión e o debate

1. Unha persoa británica que vive nun iate en Marbella é inmigrante? Que diferenza hai entre ser estranxeiro e inmigrante?
2. Ata cando se é inmigrante?
3. Simbolicamente ten o mesmo prestixio unha persoa que foi facer “ as Américas” que un inmigrante hoxe?
4. Unha persoa pode considerarse “ilegal”?
5. Que consecuencias pode chegar a ter “ser ilegal” na vida dunha persoa?



BRENDA HONDURAS-DONCOS

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS



SINOPSE: Brenda marchou da súa pequena vila de Honduras para axudar a súa familia. Agora vive en Doncos, unha aldea de Lugo, que lle recorda moito a súa terra.

OBXECTIVOS:

Promover unha mirada alternativa sobre Honduras e deconstruír estereotipos e prexuízos sobre o país.

Afondar nas relacións Norte-Sur e no repartimento desigual da riqueza.

Fomentar un discurso positivo e empático cara á inmigración.

FICHA TECNICA:

Protagonista: Brenda Hércules.

Realización e edición: Antonio Grunfeld.

Cámara: Óscar Vázquez.

Guión: Rocío Cadahía.

Animación: Jaime Murciego.

Música: *Dreamcatcher/ Purple Plante Music.*

Un proxecto producido por Agareso coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e financiado pola Xunta de Galicia.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

1 PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Iniciamos a sesión presentando o proxecto DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA e explicando o que imos facer.



2 DINÁMICA: QUEN É?

Debuxamos no encerado unha silueta.

Só dicimos que a persoa protagonista da nosa primeira peza audiovisual naceu en Honduras e vive en Doncos, unha aldea de Lugo. Intentamos non dar pistas do xénero desa persoa utilizando unha linguaxe neutra e debuxando unha silueta o máis neutra posible. Facemos varias preguntas e imos apuntando as achegas do alumnado.



- 1. Como imaxinades esa persoa? Como se chama? A que se dedica?*
- 2. Cales son as súas motivacións para vir vivir a Galicia?*
- 3. Como chegou ata aquí? Cal podería ser a súa historia?*
- 4. Que sabedes de Honduras?*

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

3 VISIONADO DA PEZA AUDIOVISUAL



4 PREGUNTAS PARA O DEBATE DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Coincidiu a vosa visión dun/ha inmigrante hondureño/a con Brenda?
- Que prexuízos e estereotipos temos sobre as persoas hondureñas?
- E sobre as persoas latinas?
- Que vos parece que Brenda con só 17 anos tivese que marchar da casa para axudar a familia?
- Imaxinádesvos facendo o mesmo?
- Por que pensades que pasa isto?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

5 E SE TI NACESES EN HONDURAS? XOGUEMOS AO MUNDO!

1 Cantas persoas viven nos distintos continentes?

Amontoamos todas as cadeiras no centro da sala. O alumnado representa o total da poboación mundial e debe repartirse entre cinco continentes. Estes continentes son cinco puntos diferentes da aula co nome de cada un anotado nunha cartolina, calculando de forma proporcional á repartición real da poboación mundial.

Os continentes serían (non imos a incluír Oceanía): América do Norte, Europa (incluída Rusia), América Latina, Asia e África.

As persoas colócanse segundo cren que se reparte a poboación mundial. A persoa que dinamiza vai sinalando aqueles continentes que se completaron correctamente. Os mozos e mozas terán que ir cambiando de posicións ata acertar.

A división sería: Europa (17 %), América do Norte (6 %) África (7 %), Asia (61 %), América Latina (9 %).

Con estas proporcións, se falamos dun grupo de 25 persoas, dividiríase da seguinte maneira:

- Europa: 4 persoas
- América do Norte: 2
- África: 2
- Asia: 15
- América Latina: 2

Nesta primeira parte visualízase como quedaría a poboación mundial e apúntanse os datos no encerado.



(Adaptación da dinámica recollida no manual **Cambiando: Una herramienta de educomunicación transformadora** do Colectivo Cala).

2 Como se reparte a renda mundial?

Na segunda parte, trátase de repartir a renda mundial, que equivale a todas as cadeiras amontoadas no centro.

Pídeselles ás/os participantes que repartan as cadeiras segundo as súas estimacións. Ao final da repartición actúase igual que na primeira parte, ata que se ordenen correctamente.

Despois, pídeselles aos mozos e mozas que se volvan colocar onde estaban no primeiro exercicio.

A división esta vez sería: Europa (33 %), América do Norte (49 %) África (4 %), Asia (9 %), América Latina (5%).

Daquela, un grupo de 25 repartiríase así:

- Europa: 8
- América do Norte: 12
- África: 1
- Asia: 3
- América Latina: 1

Pedímoslles que se senten nas cadeiras.

Obsérvase agora a situación na que quedaron, analízase, e trasládase a avaliación á vida real:

Preguntas para a reflexión e o debate

Hai cadeiras para todo o mundo?

Onde faltan? Onde sobran?

Como vos sentides os/as que non tedes cadeira?

Que fariades para poder sentarvos?

Como trasladamos isto á vida real?

Que significa esta situación no mundo?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

6 POR QUE AS PERSOAS MIGRAN?

Mira este vídeo moi atentamente e responde as preguntas



Cantos tipos de migracións existen?
Por que as persoas migran de Norte a Sur?
E de Sur a Norte?
Que significa a migración Sur-Sur? Coñeces este tipo de migración?
Cales son os países que máis persoas refuxiadas acollen?
Cantas solicitudes acepta España?
Coñeces persoas que migraron Norte-Norte? A onde foron? Por que o fixeron?
Segundo o vídeo, cales son as causas da migración?

O cambio climático é tamén unha das principais causas da migración no mundo. Honduras é un dos países máis afectados. Mira o seguinte vídeo.

Migrantes climáticos: El mar que devora los pueblos de Honduras (5 min)



ARANXA MÉXICO- SANTIAGO DE COMPOSTELA

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS



DE IDA E VOLTA

SINOPSE: Aranxa é unha moza mexicana que vive en Santiago de Compostela desde hai varios anos. Cóntanos nesta peza audiovisual como está sendo o seu difícil proceso migratorio.

OBXECTIVOS:

Promover unha mirada alternativa sobre México e deconstruír estereotipos e prexuízos sobre o país.

Afondar nas consecuencias psicolóxicas e emocionais do proceso migratorio.

Identificar e comprender as emocións que entran en xogo cando somos vítimas ou xeradores/as de estereotipos e prexuízos.

Fomentar un discurso positivo e empático cara á inmigración.

FICHA TECNICA:

Protagonista: Aranxa Vicens.

Realización e edición: Antonio Grunfeld.

Cámara: Francisco Rodríguez.

Guión: Rocío Cadahía.

Animación: Jaime Murciego.

Música: *Hope and Inspire/Purple Plante Music.*

Un proxecto producido por Agareso coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e financiado pola Xunta de Galicia.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

1 PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Iniciamos a sesión presentando o proxecto DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA e explicando o que imos facer.



2 DINÁMICA: QUEN É?

Debuxamos no encerado unha silueta.

Só dicimos que a persoa protagonista da nosa peza audiovisual naceu en México e vive en Santiago de Compostela. Intentamos non dar pistas do xénero desa persoa utilizando unha linguaxe neutra e debuxando unha silueta o máis neutra posible. Facemos varias preguntas e imos apuntando as achegas do alumnado.



- 1. Como imaxinades esa persoa? Como se chama? A que se dedica?*
- 2. Cales son as súas motivacións para vir vivir a Galicia?*
- 3. Como chegou ata aquí? Cal podería ser a súa historia?*
- 4. Que sabedes de México?*

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

3 VISIONADO DA PEZA AUDIOVISUAL



4 PREGUNTAS PARA O DEBATE DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Coincidiu a vosa visión dun/ha migrante mexicana con Aranza?
- Que prexuízos e estereotipos temos sobre México e sobre as persoas mexicanas?
- Como se sente Aranza? Por que pensades que se sente así?
- Como vos sentiríades vós se tivésedes que emigrar?
- Que pensades que botariades en falta?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

5 AS LENTES RACISTAS



Nesta simpática curtametraxe o mozo mexicano Rudy Mancuso quixo experimentar como ve o mundo a xente xenófoba e como a maioría de nós somos vítimas dos nosos propios estereotipos e prexuizos.



Preguntas para a reflexión e o debate

Que nacionalidades aparecen no vídeo?

Que opina Rudy de cada unha de elas?

Estades de acordo?

**Como sería a imaxe dos españois e españolas se puxésemos esas lentes?
e a dos galegos e galegas?**


CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

6 O ESPELLO

Como te ves? como te ven?

Usamos un espello grande dos de corpo enteiro. Se non temos espello, tamén podemos imaxinalo e debuxar un rectángulo no encerado que fará de espello.

De un en un, cada participante sitúase fronte ao espello, real ou imaxinario, e mírase. Obsérvase e di o que ve. Pódese empezar desde o plano físico para continuar vendo máis aló, como persoa, e as súas características de personalidade, paixóns, soños...



Preguntas para a reflexión e o debate

Que imaxe teño de min? E os demais como me ven?

Pensas que a imaxe que as persoas teñen de ti variaría se cambiases de país?

Que pensarían de ti nun país nórdico?

Que pensarían de ti nun país africano?

Dialogarase coa clase para reflexionar sobre as emocións que sentimos, como vítimas de estereotipos e prexuízos, e como reprodutores destes para entender por que actuamos de acordo con ideas preconcebidas.

(Adaptación da dinámica recollida no manual *Cambiando: Una herramienta de educomunicación transformadora* do Colectivo Cala).



CRISTINA ROMANÍA-LUGO

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS



SINOPSE: Cristina é profesora de inglés e lingua nun colexio de Lugo. Cando era unha nena chegou dende Romanía a España coa súa familia. Fálanos da súa experiencia como persoa migrante.

OBXECTIVOS:

Promover unha mirada alternativa sobre Romanía e deconstruír estereotipos e prexuízos sobre o país.

Descubrir que prexuízos e estereotipos temos e fomentar o pensamento crítico ante eles.

Fomentar un discurso positivo e empático cara á inmigración.

FICHA TECNICA:

Protagonista: Cristina Florentina Iacob.
Realización e edición: Antonio Grunfeld.
Cámara: Óscar Vázquez.
Guión: Rocío Cadahía.
Animación: Jaime Murciego.
Música: *Legendary!* Purple Plante Music.

Un proxecto producido por Agareso coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e financiado pola Xunta de Galicia.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

1 PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Iniciamos a sesión presentando o proxecto DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA e explicando o que imos facer.



2 DINÁMICA: QUEN É?

Debuxamos no encerado unha silueta.

Só dicimos que a persoa protagonista da nosa peza audiovisual naceu en Romanía e vive en Lugo. Intentamos non dar pistas do xénero desa persoa utilizando unha linguaxe neutra e debuxando unha silueta o máis neutra posible. Facemos varias preguntas e imos apuntando as achegas do alumnado.



- 1. Como imaxinades esa persoa? Como se chama? A que se dedica?*
- 2. Cales son as súas motivacións para vir vivir a Galicia?*
- 3. Como chegou ata aquí? Cal podería ser a súa historia?*
- 4. Que sabedes de Romanía?*

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

3 VISIONADO DA PEZA AUDIOVISUAL



4 PREGUNTAS PARA O DEBATE DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Coincidiu a vosa visión dun/ha inmigrante romanés/a con Cristina?
- Que prexuizos e estereotipos temos sobre as persoas romanesas?
- Por que pensades que Cristina fala de etiquetas?
- Adoitamos etiquetar as persoas? Como?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

5 CAL É A MIÑA ETIQUETA?

Descrición da actividade:

1 Eliximos as etiquetas e poñémolas en papel adhesivo. Debe haber tantas etiquetas como participantes. Poden repetirse algunhas.

2 Pegamos unha etiqueta na fronte de cada estudante ou nalgún lugar que non lle permita ler o que pon.

3 Deixamos que o alumnado interactúe e se mova pola aula para falar sobre algún tópico de interese para el. Por exemplo, a intención de prepararse para ir a unha festa.

4 Debe actuar e tratar as persoas da mesma forma que o faría na vida diaria ou como cre que outras persoas actuarían en función da etiqueta que lle corresponda.

5 Non está permitido preguntarlles ás outras persoas o que pon na súa etiqueta.

6 Tras dez minutos de interacción, as alumnas e alumnos deben tentar adiviñar que etiqueta levaban e comprobar se acertaron.

7 Durante a discusión cada participante debe contar como adiviñou que etiqueta tiña, como se sentía tratado e que reaccións provocaba nel a actitude dos demais. É unha forma de facerse consciente de que todos temos prexuízos e estereotipos cara aos demais, que uns son máis prexudiciais que outros, e que condicionan a nosa interacción coas persoas.

Etiquetas

1. Muller romanesa
2. Muller latinoamericana
3. Mozo marroquí
4. Mozo alemán
5. Persoa sen fogar
6. Cantante rapeiro
7. Profesor de inglés
8. Cantante flamenco
9. Modelo
10. Sacerdote
11. Muller estadounidense
12. Moza galega
13. Mozo senegalés
14. Moza argentina
15. Dentista
16. Funcionario
17. Surfeiro
18. Oficinista
19. Persoas de etnia xitana
20. Home maior do rural

Conclusión:

A actividade permite ver como eliximos a partir das imaxes mentais que se nos crean cando vemos un determinado perfil sen saber nada máis sobre a persoa. Desta maneira decatámonos de que, moitas veces sen querer, todos e todas temos imaxes preconcebidas que determinan e inflúen nas nosas eleccións, pensamentos e comportamentos.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

6 WHAT KIND OF ASIAN ARE YOU? QUE TIPO DE ASIÁTICO ES?

Mira este video e responde ás preguntas



Que acontece na curtametraxe?
Como a definirías? Graciosa? Ridícula? Común?
Que pensas que queren mostrar as persoas que fixeron a curtametraxe?
Pensas que ás persoas españolas negras ou con trazos asiáticos lles acontece isto?

Rematamos co visionado deste video





MARCELO A GUINEA-OURENSE

DICIONARIOS AUDIOVISUAIS



SINOPSE: Marcelo chegou desde A Guinea Ecuatorial á Ciudad de los Muchachos de Bemposta (Ourense) no ano 1969. Cóntanos nesta peza como esta experiencia lle cambiou a vida.

OBXECTIVOS:

Promover o coñecemento sobre A Guinea Ecuatorial.

Afondar na memoria histórica a través do coñecemento do colonialismo español.

Fomentar un discurso positivo e empático cara á inmigración.

FICHA TECNICA:

Protagonista: Marcelo Ndong.

Realización e edición: Antonio Grunfeld.

Cámara: Rodrigo Vázquez.

Guión: Rocío Cadahía.

Animación: Jaime Murciego.

Música: *Beyond Reach Alsever/Purple Plante Music.*

Un proxecto producido por Agareso coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e financiado pola Xunta de Galicia.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

1 PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Iniciamos a sesión presentando o proxecto DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA e explicando o que imos facer.



2 DINÁMICA: QUEN É?

Debuxamos no encerado unha silueta.


Só dicimos que a persoa protagonista da nosa peza audiovisual naceu na Guinea Ecuatorial e viviu en Ourense. Intentamos non dar pistas do xénero desa persoa utilizando unha linguaxe neutra e debuxando unha silueta o máis neutra posible. Facemos varias preguntas e imos apuntando as achegas do alumnado.



- 1. Como imaxinades esa persoa? Como se chama? A que se dedica?*
- 2. Cales son as súas motivacións para vir vivir a Galicia?*
- 3. Como chegou ata aquí? Cal podería ser a súa historia?*
- 4. Que sabedes da Guinea Ecuatorial?*

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

3 VISIONADO DA PEZA AUDIOVISUAL



4 PREGUNTAS PARA O DEBATE DESPOIS DE VER O VÍDEO

- Coincidiu a vosa visión dun/ha inmigrante guineano con Marcelo?
- Que é o que máis vos sorprende?
- Sabedes o que foi *La Ciudad de los Muchachos* de Ourense?
- Por que credes que Marcelo pensa que o seu colexio era moi especial?

Para máis información sobre Bemposta, podedes escoitar este podcast (14min) ou mirar o documental Bemposta: soño e realidade.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

5 AS PALABRAS DE MARCELO

Retranca

Marcelo fálanos da retranca galega e pon como exemplo a Castelao. Sabes quen foi?



**Alfonso Daniel Rodríguez Castelao,
Rianxo, 1886–1950**


Foi un novelista, dramaturgo, ensaísta, etnógrafo, caricaturista, pintor, teórico da arte e político. Castelao é considerado omáis grande intelectual galego e un dos principais narradores na nosa lingua. Defendeu sempre a necesidade de construír unha arte e unha cultura propias en Galicia. Ademais das letras, dedicouse ás artes plásticas, pero é sobre todo coñecido como caricaturista vinculado ao humor e á denuncia social.

Foi tamén inmigrante e refuxiado. En 1895, sendo aínda neno e na compañía da súa nai, emigrou á Arxentina. En 1900 volve a Galiza onde estuda Medicina e comeza a súa actividade artística. Tras perderen a guerra os republicanos, en 1938 ten que exiliarse en Nova York. Anos máis tarde marcha para Arxentina onde permanecerá ata a súa morte.



CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

De que nos fala Castelao nestas viñetas?



-YO SOY BAN GALLEGO COMO TÚ, EL GALLEGO NO LO HABLO, PERO LO ENTIENDO...

-IGUALIÑO QUE O MEU CAN, O GALEGO NON O FALA, PERO CARALLO SE O ENTENDE!



—Eu quixera falar galego nos mitins, pero non sei.

—O que non sabes ti é o castelán.

(Castelao: Cousas da vida, IV)

Á veira do Miño



O RAPÁZ: ¿E logo os da veira d'aló son máis extranxeiros que os de Madrid?
(Non se soupo o que lle respondeu o vello.)

Como podes comprobar, Castelao foi un firme defensor da lingua galega e tal e como nos conta Marcelo, as súas viñetas están cheas de retranca.


Pero... podes poñer ti algún exemplo de retranca? Ocorrésече algo?

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN


5 AS PALABRAS DE MARCELO

Acomeya

Coa palabra "Acomeya" Marcelo preséntanos un concepto importante na súa etnia, os fang da Guinea Ecuatorial... Pero... que sabes da Guinea Ecuatorial?



A Guinea Ecuatorial



E un pequeno país centroafricano se localiza entre Gabón e Camerún. Ten máis ou menos a extensión de Galicia. A súa capital é Malabo, antigamente coñecida como Santa Isabel. No país conviven seis etnias, con seis linguas distintas: os fang (que son a maioría) os ndowé, os bisio, os bubis, os annoboneses e os fernandinos. O idioma oficial é o castelán.

CHAVES PARA A DINAMIZACIÓN

6 A NOSA HISTORIA EN COMÚN

España e A Guinea Ecuatorial están unidas pola historia.

A Guinea forma parte de España dende 1777 ata o ano 1968, en que se independiza. Primeiro é unha colonia, logo pasa a ser unha autonomía e xusto antes da súa independencia era unha provincia. Polo tanto, os guineanos e as guineanas nese momento eran españois... Que pouco sabemos da historia, non si?

Desde 1979 ata a actualidade, o país está en mans de Teodoro Obiang, un dos ditadores que máis tempo leva no poder en todo o mundo. Está acusado de cometer continuas violacións dos dereitos humanos.



Mira este video para saber máis:

Guinea Ecuatorial cumple 50 años de Independencia de España (5 min)



DICIONARIOS AUDIOVISUAIS DE IDA E VOLTA



Agareso
Asociación Galega de Comunicación
para o Cambio Social
Rúa Hórreo 22 1º A
Santiago de Compostela
agareso@agareso.org
www.agareso.org

Santiago de Compostela, 2020